

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de abril de 2024**

Ás 18.06 horas do día 17 de abril de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D.^a M.^a Teresa Barge Bello

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 13 DE MARZO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 13 de marzo de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 13 de marzo de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO BNG PARA UN NOVO MODELO ENERXÉTICO GALEGO QUE XERE EMPREGO E EVITE O ESPOLIO DOS RECURSOS NATURAIS PARA BENEFICIAR ÁS GRANDES ELÉCTRICAS EN DETRIMENTO DE GALEGOS E GALEGAS.-

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, procede a dar lectura e a expoñer o contido da moción.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que se trata dunha moción moi ben documentada e que achega moita información e que o seu grupo procederá a un estudo detido para votar en consecuencia no Pleno.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, sinala que o BNG leva vinte anos falando do novo modelo enerxético e do espolio enerxético á nosa Comunidade. Recorda que a Xunta de Galicia recentemente decidiu crear unha empresa mixta pública-privada para proxectos enerxéticos con autorización para a Comunidade Autónoma que vai supoñer un importante cambio na materia. Recorda que o Plan sectorial eólico é o mesmo que se utilizaba no goberno do bipartito e que na actualidade moitos dos proxectos eólicos que se presentan son denegados por non cumprir a normativa administrativa ou ambiental de aplicación. Pregunta ao BNG de que tipo de enerxía renovable está a favor xa que se opón por sistema a todas as centrais hidroeléctricas e a todos os parques eólicos.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, indica que o BNG na súa liña de actuación sempre busca defender o interese do pobo galego e sen dúbida unha tarifa eléctrica propia sería moi beneficiosa. Neste sentido recorda que se a Unión Europea aproba unha tarifa ibérica por que non unha tarifa galega. Engade que o patrimonio natural e a riqueza natural de Galicia deben estar por enriba dos intereses económicos dos grupos empresariais e que a política actual do Partido Popular da Xunta de Galicia está favorecendo a estes últimos. Finaliza indicando que as enerxías renovables si, pero non así.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, sinala que é normal que Galicia teña infraestruturas en enerxías renovables pola súas condicións climáticas e orográficas como, por

exemplo, a Comunidade Autónoma de Madrid ten moitas instalacións fotovoltaicas. Volve a insistir en que a Administración autonómica unicamente autoriza os proxectos que cumpran escrupulosamente a normativa aplicable e que sobre isto dará información no Pleno.

D.^a María José Mangana Guede, do BNG, finaliza o debate recordando que o BNG está a favor de que coexista empresa pública e empresa privada e isto en sectores estratéxicos como a enerxía.

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Demandar da Xunta de Galicia a aprobación dunha lei para a creación da Empresa Pública de enerxía renovable de Galicia, que cumpra cos criterios definidos en esta exposición de motivos.
2. Tomar o acordo plenario correspondente na Deputación Provincial de Ourense para mostrar a disposición a participar no accionariado da citada Empresa Pública de enerxía renovable.
3. Demandar da Xunta de Galicia e do Goberno Central a reversión das centrais hidráulicas con concesións caducadas (así como as que sucesivamente vaian caducando) para a súa xestión pública galega, acompañado da transferencia das competencias en ríos e enerxía e conseguintemente das confederacións hidrográficas correspondentes.
4. Demandar do estado central unha minoración das peaxes de acceso para as subministracións eléctricas situadas en territorios con excedente de produción a través da posta en marcha dunha tarifa eléctrica específica para Galicia que permita unha discriminación positiva para consumidores domésticos e especialmente para as empresas asentadas ou que así o fagan en Galicia, unha modificación e a modificación da Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.
5. Demandar da Xunta de Galicia a creación de ferramentas de participación local nos proxectos de xeración enerxética.
6. En todas as decisións que dependan desta Deputación Provincial no que ten que ver con licenzas, permisos ou autorizacións para a explotación dos nosos recursos naturais por parte de empresas privadas, prevalecerán aqueles proxectos que aposten polo impulso da economía local, baseado na xeración de traballo nas comarcas de instalación do proxecto enerxético.

7. Esixir a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo Plan Sectorial Eólico con criterios de preservación do noso territorio dende un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) que son de toda a veciñanza de Ourense, revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos aos propietarios, os tributos aos concellos e o desenvolvemento de plans industriais e tarifas enerxéticas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da Provincia.

8. Instar á Xunta de Galicia a corrixir as deficiencias do canon eólico e do Fondo de Compensación Ambiental, nomeadamente: calculando o canon eólico en función da potencia instalada, non do número de aeroxeradores. E modificación do Fondo de Compensación Ambiental para garantir a transparencia e obxectividade da totalidade do recadado e que unha maior parte da recadación retorne aos concellos onde están instalados os parques en forma de investimentos en infraestruturas, servizos e proxectos ambientais.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA. - Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS. - Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Xosé Manuel Puga González, do BNG, fai o rogo de que se adopten medidas respecto a unha área situada a 500 metros das ruínas do campamento romano “Aquis Querquennis” no Concello de Bande, xa que hai queixas por acampadas e actividades que se realizan aí. Roga que o INORDE, como xestor do Plan de sostibilidade turística e do xeodestino dese concello, adopte medidas para protexer esa zona e máis agora que chega a época estival.

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, contesta non ter coñecemento e agradece a comunicación.

E, ás 18.38 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.